

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 5 DE NOVEMBRO DE 2019

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día cinco de novembro de dous mil dezanove, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten, con escusa, don Juan González Leirós e dona Elisa Pestonit Barreiros.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parcero Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 29 de outubro de 2019

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 29 de outubro de 2019 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro e dona Maria Dolores Pan Lesta) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Escrito da Dirección Xeral Explotación e Construción. Dirección de Mantemento, Subdirección de Coordinación Técnica e Pasos a Nivel, Adif, rexistrado de entrada o día 4 de novembro de 2019, co número 0/7225, no que solicita se remita acordo do Pleno respecto da clausura dos pasos a nivel seguintes: P.N/P.K 533/734 camiño de Casas do Corral; P.N/P.K 535/172 camiño de Cela á Fonte; P.N/P.K 535/840 rúa Socampo.

3º. Expedientes de contratación

3.1. Proposta de modificación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e pregos de prescricións técnicas no procedemento aberto simplificado abreviado, con multiplicidade de criterios de adxudicación, de apreciación automática, correspondente á “Subministración de consumibles informáticos para o Concello de Cambre”. Expte: 2019/C005/000012

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 30 de outubro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“A Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre, na súa sesión ordinaria do día 22 de outubro de 2019, aprobou iniciar o procedemento aberto simplificado abreviado, con multiplicidade de criterios de adxudicación, de apreciación automática, correspondente á “Subministración de consumibles informáticos para o Concello de Cambre” para un período de dous anos prorrogable en sucesivas prórrogas por outros dous anos máis, cun valor estimado de 31.644,80 euros e un orzamento base de licitación de 17.404,64 € euros IVE incluído (expediente núm. 2019/C005/000012), aprobando o expediente, así como o prego de cláusulas administrativas particulares e mailo de prescricións técnicas, e as características propias do contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

Visto o informe emitido o día 29 de outubro de 2019 polo administrador do sistema informático, no que se fai constar que durante a licitación do expediente detectouse a existencia dun erro material no Cuadro de precios unitarios que consta no punto 14 do Prego de prescricións técnicas particulares, consistente en que nas referencias esixibles á impresora HP DESKJET 2543 especificouse “301 XL” y “343”, cando debería terse especificado “301 XL” e “301 XL COLOR”.

Tendo en conta que a citada corrección afecta tamén á cláusula 5 e Anexo III do Prego de cláusulas administrativas particulares, onde se transcriben os contenidos do Cadro de precios que consta no Prego de Prescricións Técnicas

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, de data 30 de outubro actual.

Tendo en conta as atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Aprobar os pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas particulares modificados, asinados con datas 29 e 30 de outubro de 2019 respectivamente, para a contratación mediante procedemento aberto simplificado abreviado, con multiplicidade de criterios de adxudicación, de apreciación automática, correspondente á “Subministración de consumibles informáticos para o Concello de Cambre” (expediente núm. 2019/C005/000012), mantendo nos seus termos o contido do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre con data 22 de outubro de 2019, abrindo un novo prazo de Presentación de ofertas.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes a sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 25 ao día 30 de outubro do ano que andamos, que comeza coa Resolución da Alcaldía número 2153/2019 e remata coa Resolución da Alcaldía número 2200/2019, segundo se relaciona a seguir:

| Nº decreto | Data sinatura | Asunto |
|------------|---------------|--|
| 2153/2019 | 25-10-2019 | Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 29 de outubro de 2019 |
| 2154/2019 | 25-10-2019 | Concesión axuda para recibos de luz por importe total de 82,5 euros a VSS |
| 2155/2019 | 25-10-2019 | Revisión e limpeza canalóns edificios centros escolares |
| 2156/2019 | 25-10-2019 | Concesión axuda para material escolar e libros de texto a AICP por importe de 42 euros |
| 2157/2019 | 25-10-2019 | APSV Actividade " Cea de disco en Matogrande" Programa de Lecer e diversidade funcional. 25 de outubro de 2019 |
| 2158/2019 | 25-10-2019 | Aprobación de despesas dos gastos de Seguridade Social do mes de setembro de 2019, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, e dos mandamentos de pago das retencións practicadas na nómina do mes de outubro de 2019 |
| 2159/2019 | 25-10-2019 | Autorización de asistencia a dona EPB, concelleira de Servizos e Seguridade Cidadá do Concello de Cambre e dona EBD, enxeñeira técnica de obras de este concello para asistir á feira "Municipalia" en Lleida do 22 ao 24 de outubro de 2019 e recoñecemento de obriga e pago anticipado |
| 2160/2019 | 25-10-2019 | Contratación desprazamento en avión, aloxamento, e vehículo de aluguer para asistir a concelleira de Servizos e Seguridade Cidadá e a enxeñeira técnica do Concello de Cambre a feira "Municipalia" en Lleida do 22 ao 24 de outubro de 2019 |
| 2161/2019 | 25-10-2019 | Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 66.563,40 euros |
| 2162/2019 | 25-10-2019 | Axuda de emerxencia social EJK |
| 2163/2019 | 25-10-2019 | Axuda de emerxencia social vale alimentos BMCMS |
| 2164/2019 | 25-10-2019 | Denegar a axuda recibo de luz por ter acceso a unha axuda para o mesmo concepto por parte doutra administración pública. Solicitante: SCL |
| 2165/2019 | 25-10-2019 | Concesión e denegación de axudas de bonotaxi para o exercicio 2019, así como declaración do desistimento de solicitudes presentadas |
| 2166/2019 | 25-10-2019 | Aprobación bases concurso "Cartel de Reis Magos 2020" |
| 2167/2019 | 25-10-2019 | Concesión acumulación días de lactación e goce de vacacións de 2018 y 2019. |
| 2168/2019 | 25-10-2019 | Expedición de licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos. Solicitante: CBP |
| 2169/2019 | 25-10-2019 | Inscripción dun animal no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos. Solicitante: CFL |
| 2170/2019 | 25-10-2019 | Renovación licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos. Solicitante: ECA |



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

| | | |
|-----------|------------|---|
| 2171/2019 | 25-10-2019 | Colaboración policía local nas eleccións xerais de 10 de novembro de 2019 |
| 2172/2019 | 25-10-2019 | Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas con reparos por importe total de 148.840,94 euros |
| 2173/2019 | 25-10-2019 | Conceder a axuda recibo de luz por importe de 42,24 euros e recibo de gas por importe de 102,08 euros a NLZ |
| 2174/2019 | 28-10-2019 | Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 31 de outubro de 2019 |
| 2175/2019 | 28-10-2019 | Aprobación de liquidacións do prezo público polo Programa de actividade física e saúde mes de outubro 2019 |
| 2176/2019 | 28-10-2019 | Denegar a axuda aluguer a DLG por non estar debidamente xustificada a situación de necesidade |
| 2177/2019 | 28-10-2019 | Baixa de liquidación correspondente ao padrón fiscal da taxa pola prestación de servizos no cemiterio municipal do ano 2019 |
| 2178/2019 | 28-10-2019 | Conceder a axuda material escolar e libros de texto por importe de 150 euros a VSA |
| 2179/2019 | 29-10-2019 | Expediente de Xeración de crédito número 7/2019. Obradoiro de Emprego PROXEDIS - PROWEB 2019/2020 e Cursos Plan AFD 2019/2020. |
| 2180/2019 | 29-10-2019 | Aprobación de certificación correspondente á obra "MELLORA DO PARQUE INFANTIL LESTE DA BARCALA" (convenio de cooperacion con Diputacion), e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes a factura por importe total de 19.375,73 euros, así como o seu pagamento |
| 2181/2019 | 29-10-2019 | Goce de lactación, vacacións 2018 e 2019 e asunto propios 2019. Solicitante: MFV |
| 2182/2019 | 29-10-2019 | Corrección de erros Resolución nº 2027/2019 de data 7 de outubro |
| 2183/2019 | 29-10-2019 | Avocación de competencias do primeiro tenente de alcalde don Juan González Leirós, dende o día 4 ao 29 de novembro de 2019, ambos os dous incluídos |
| 2184/2019 | 29-10-2019 | Avocación de competencias do sétimo tenente de alcalde don Diego Alcantarilla Rei dende o día de hoxe ata a súa reincorporación |
| 2185/2019 | 29-10-2019 | Concesión axuda recibo gas a AMBC por importe de 40,38 euros |
| 2186/2019 | 29-10-2019 | Certame Lit Xoán Díaz 2019: Concesión |
| 2187/2019 | 29-10-2019 | Aprobación de certificacións correspondentes á obra "Reforma e adecuación de beirarrúas na rua Antón Fraguas, O Temple" (convenio de cooperacion con Diputacion), e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes as facturas por importe total de 23.193,87 euros, así como o seu pagamento |
| 2188/2019 | 30-10-2019 | Liquidacións provisionais complementarias ás autoliquidacións do ICIO realizadas polos solicitantes de licenzas de obra maior desde a entrada en vigor da ordenanza fiscal vixente, por erro no seu cálculo. |
| 2189/2019 | 30-10-2019 | Aprobación de admitidos na XXVIII Semana Micolóxica de Cambre 2019 |
| 2190/2019 | 30-10-2019 | Devolución de ingresos indebidos a J.P.P.en relación coa taxa pola expedición de documentos administrativos |

| | | |
|-----------|------------|--|
| 2191/2019 | 30-10-2019 | Aprobación da xustificación e proposta de pago das subvencións municipais a entidades veciñais sen fin de lucro para actividades/investimentos/transportes deportivos correspondentes ao ano 2018 |
| 2192/2019 | 30-10-2019 | Aprobación da segunda achega do convenio de promoción do ciclismo durante o ano 2018 |
| 2193/2019 | 30-10-2019 | Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 13.456,01 euros |
| 2194/2019 | 30-10-2019 | Expediente sancionador por portar un arma de aire comprimido sin tener licenza por Z.T. |
| 2195/2019 | 30-10-2019 | Licenza para segregación de finca sita en San Roque (Sta. M ^a de Vigo), de 838,20 m ² , en dúas fincas de 762,05 m ² e 76,15 m ² , e cesión desta última ao Concello para regularización do viario |
| 2196/2019 | 30-10-2019 | Licenza de segregación de finca sita en Estorrentada (Cambre) de 967 m ² , en dúas parcelas de 925 m ² e 42 m ² , e cesión desta última ao Concello para regularización do viario |
| 2197/2019 | 30-10-2019 | Aprobación de proxecto e solicitude de subvención de AEDL |
| 2198/2019 | 30-10-2019 | Tramitación de Decretos - 9950000019032 Acordos de inicio multas de tráfico |
| 2199/2019 | 30-10-2019 | Solicitude de devolución de ingresos indebidos a JMRM en relación coa taxa polo outorgamento de licenzas urbanísticas e o imposto sobre construcións, instalacións e obras |
| 2200/2019 | 30-10-2019 | Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 658,00 euros |

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde, Plan de Xestión de Residuos e Plan de Obra, presentados pola empresa, *Canarga S.L.* adxudicataria da obra "Mellora do camiño municipal 0091 O Pastel, Pravio, Cambre", inversión cofinanciada ao abeiro da Resolución do 28 de decembro de 2018 da AGADER - DOG nº 21 de 30/01/2019, para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de Mellora de camiños municipais 2019-20. Expediente: 2019/C003/000008

- Proposta de devolución de aval á empresa *Erfinco, S.L.*, adxudicataria da obra "Renovación da rede de saneamento na rúa Isaac Peral e Zeppeling, polígono Espírito Santo". Expediente 12/28-14 OB

- Proposta de devolución de aval á empresa *Construcciones Ponciano Nieto S.L.*, adxudicataria da obra "Mellora de camiños de acceso a explotacións agropecuarias en A Pagueira 11,12,13, Brexo, Cambre, (AGADER 2016)". Expediente 2016/C003/000004

sendo aprobada a urxencia das propostas por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión.

A. Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde, Plan de Xestión de Residuos e Plan de Obra, presentados pola empresa, *Canarga S.L.* adxudataria da obra “Mellora do camiño municipal 0091 O Pastel, Pravio, Cambre”, inversión cofinanciada ao abeiro da Resolución do 28 de decembro de 2018 da AGADER - DOG nº 21 de 30/01/2019, para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de Mellora de camiños municipais 2019-20. Expediente: 2019/C003/000008

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 4 de novembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co número 2019/C003/000008 para a contratación por procedemento aberto simplificado da obra “Mellora do camiño municipal 0091 O Pastel, Pravio, Cambre”, inversión cofinanciada ao abeiro da Resolución do 28 de decembro de 2018 da AGADER - DOG nº 21 de 30/01/2019, para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de Mellora de camiños municipais 2019-20.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de agosto de 2019 polo que se adxudicou a obra á empresa *Canarga, S.L.* asinándose o correspondente contrato o día 4 de setembro de 2019.

Visto o plan de seguridade e saúde elaborado pola empresa adxudataria *Canarga, S.L.* e presentado con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 17 de outubro de 2019 y número 201999900006912, ao que se achega o informe favorable emitido por dona Ana Linares Álvarez, da entidade Applus Norcontrol S.L.U., entidade coordinadora da seguridade e saúde da obra por Resolución de Alcaldía nº 1919/2019 de 20 de setembro, expediente de contrato menor nº 2019/C002/000364.

Visto o Plan de xestión de residuos presentado pola empresa adxudataria *Canarga, S.L.* co rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 8 de outubro de 2019 e número 201999900001584.

Visto o programa de traballo presentado pola empresa adxudataria *Canarga, S.L.* co rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 8 de outubro de 2019 e número 201999900001584.

Vistos os informes favorables emitidos con data 15 e 25 de outubro de 2019 pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, directora da obra e responsable do contrato, respecto do Plan de Seguridade e Saúde e Plan de Xestión de Residuos.

Visto o informe emitido con data do 15 de outubro de 2019 pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, directora de obra e responsable do contrato, respecto do Plan de Obra, no que considera que a súa execución en 5 días naturais, prazo ofertado pola entidade adxudataria, resulta inviable.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, así como o disposto na cláusula 18.3 do prego de Cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente de contratación.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o plan de seguridade e saúde presentado pola empresa *Canarga, S.L.*, para a execución da obra denominada “Mellora do camiño municipal 0091 O Pastel, Pravio, Cambre”, inversión cofinanciada ao abeiro da Resolución do 28 de decembro de 2018 da AGADER - DOG nº 21 de 30/01/2019, para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de Mellora de camiños municipais 2019-20. Expte 2019/C003/000008.

Segundo: Aprobar o plan de xestión de residuos presentado pola empresa *Canarga, S.L.*, para a execución da obra denominada “Mellora do camiño municipal 0091 O Pastel, Pravio, Cambre”, inversión cofinanciada ao abeiro da Resolución do 28 de decembro de 2018 da AGADER - DOG nº 21 de 30/01/2019, para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de Mellora de camiños municipais 2019-20. Expte 2019/C003/000008.

Terceiro: Non aprobar o programa de traballo presentado pola empresa *Canarga, S.L.*, para a execución da obra denominada “Mellora do camiño municipal 0091 O Pastel, Pravio, Cambre”, inversión cofinanciada ao abeiro da Resolución do 28 de decembro de 2018 da AGADER - DOG nº 21 de 30/01/2019, para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de Mellora de camiños municipais 2019-20, expte 2019/C003/000008; isto a teor do informe emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal en data 15 de outubro de 2019, polo que a directora da obra e responsable do contrato deberá ditar as instrucións necesarias respecto ao programa de traballo a seguir para a súa execución.

Cuarto: Notificar este acordo á empresa *Canarga, S.L.* e a dona Ana Linares Álvarez, da entidade Applus Norcontrol S.L.U., entidade coordinadora da seguridade e saúde da obra, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

Quinto: Notifíquese á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes a sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B. Proposta de devolución de aval á empresa *Erfinco, S.L.*, adxudicataria da obra “Renovación da rede de saneamento na rúa Isaac Peral e Zeppeling, polígono Espírito Santo”. Expediente 12/28-14 OB

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 4 de novembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data 11 de outubro de 2012, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade *Erfinco, S.L.* para a obra “Renovación da rede de saneamento na rúa Isaac Peral e Zeppeling, polígono Espírito Santo”,
Expediente: 12/28-14 OB

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva por aval bancario de data 01/10/2012 e importe de 5.348,53 euros, depositado na Tesourería municipal con número de rexistro 553 e data do 05/10/2012, para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido pola Enxeñeira técnica de obras públicas municipal, con data do 29 de xuño de 2018.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 31 de outubro de 2019.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade “*Erfinco, S.L.*”, no expediente número 12/28-14 OB para a “Renovación da rede de saneamento na rúa Isaac Peral e Zeppeling, polígono Espírito Santo”,

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza

de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes a sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C. Proposta de devolución de aval á empresa Construcciones Ponciano Nieto S.L., adxudataria da obra “Mellora de camiños de acceso a explotacións agropecuarias en A Pagueira 11,12,13, Brexo, Cambre, (AGADER 2016)”. Expediente 2016/C003/000004

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 4 de novembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data 11 de agosto de 2016, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade *Construcciones Ponciano Nieto S.L.* para a obra “Mellora de camiños de acceso a explotacións agropecuarias en A Pagueira 11,12,13, Brexo, Cambre, (AGADER 2016)”, Expediente: 2016/C003/000004

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva por aval bancario de data 22/07/2016 e importe de 1.373,48 euros, depositado na Tesourería municipal con número de rexistro 679 e data do 28/07/2016, para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido pola Enxeñeira técnica de obras públicas municipal, con data do 9 de setembro de 2019.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 31 de outubro de 2019.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade “*Construcciones Ponciano Nieto S.L.*”, no expediente número 2016/C003/000004 para a “Mellora de camiños de acceso a explotacións agropecuarias en A Pagueira 11,12,13, Brexo, Cambre, (AGADER 2016)”,

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.



O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes a sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e dez minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Oscar A. García Patiño

María Luisa de la Red Ampudia